

Facultade de Enfermaría e Podoloxía



TRABALLO DE FIN DE GRAO EN PODOLOXÍA

Curso académico 2019/2020

EXPERIENCIAS DOS COIDADORES INFORMAIS RELATIVAS Ó COIDADO DE
DOENTES DEPENDENTES CON PÉ DIABÉTICO: UNHA PROPOSTA DE
INVESTIGACIÓN CUALITATIVA.

Lorena Tato Torres

Directores:

Pedro Gil Manso

Profesor colaborador del Departamento de Ciencias de la Salud

Facultad de Enfermería y Podología

Universidad de A Coruña

Carla Freijomil Vázquez

Contratada Interina de Sustitución del Departamento de Ciencias de la Salud

Laboratorio de Investigación Cualitativa en Ciencias da Saúde (LICCs), GRINCAR.

Facultad de Enfermería y Podología

Universidad de A Coruña

AGRADECEMENTOS

En primeiro lugar quixera agradecer o apoio constante durante estes duros meses ós meus titores, Carla Freijomil Vázquez e Pedro Gil Manso que a pesar do confinamento trataron de semellar o máis preto posible, ofrecéndome axuda e apoio permanentemente.

Grazas á UDC e á Podoloxía por darme a oportunidade de namorarme dunha profesión que fai catro anos case descoñecía, descubrir así os grandes profesionais que a van conformando e que día a día e ano tras ano nos foron aportando os seus coñecementos para así nós proseguir con este legado.

Tamén debo agradecer a todos os compañeiros por formar parte de esta importante etapa da vida, e sobre todo a aqueles/as que considero amigos/as. Sempre me lembrarei das experiencias vividas nas prácticas da CUP, os nervios de antes dun exame e a celebración ó rematalo, a emoción compartida de coller o ansioso bisturí e a incerteza sentida ó rematar aquelas primeiras orteses.

Finalmente, agradecer eternamente á miña familia, parella e amigos polos seus incesantes ánimos durante estes catro anos que aseguro que non foi tarefa nada fácil. Grazas por apostar por min cando eu non o facía, especialmente miña nai, que sei de primeira man que as miñas preocupacións lle roubaron o sono moitas noites. Estou completamente segura de que se non fora por ela, esta historia tería un final moi diferente.

Oxalá algún día poida devolver tanto ánimo e axuda, se non é doutra forma, que sexa exercendo a miña profesión como podóloga.

INDICE

1. LISTAXE DE ABREVIATURAS E ACRÓNIMOS	5
2. RESUME E PALABRAS CLAVE	6
3. ABSTRACT AND KEYWORDS.....	7
4. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA	8
4.1. A diabetes mellitus (DM): un problema de saúde para a sociedade	8
4.2. Complicacións da DM	8
4.3. Definición, complicacións e epidemioloxía do PD.....	9
4.4. Abordaxe podolóxico do PD	10
4.5. Papel dos cuidadores informais na prevención das complicacións do pe diabético	12
4.6. Problema de investigación	13
4.7. Pregunta de investigación.....	14
4.8. Posición da investigadora	14
4.9. Estratexia de busca	15
4.10. Bibliografía máis relevante.....	18
5. XUSTIFICACIÓN E APLICABILIDADE	19
6. HIPÓTESE.....	20
7. OBXECTIVOS.....	20
8. METODOLOXÍA	20
8.1. Deseño	20
8.2. Ámbito de estudo.....	21
8.3. Poboación de estudo	21
8.4. Selección de participantes	21
8.5. Variables sociodemográficas	22
8.6. Técnica de escollida de datos	23
8.7. Análise de datos.....	23
8.8. Rigor metodolóxico	24
8.9. Limitacións do estudo	25

9.	PLAN DE TRABALLO	26
10.	ASPECTOS ÉTICOS	27
11.	PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS	27
12.	FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN	29
12.1.	Recursos necesarios:	29
12.2.	Posibles fontes de financiamento	30
13.	REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	31
14.	ANEXOS	34
14.1.	Anexo I: Listado de táboas	34
14.2.	Anexo II: ENTREVISTA	35
14.3.	ANEXO III: DOCUMENTO INVESTIGADORA – COLABORADOR/A (galego)	36
14.4.	ANEXO III: DOCUMENTO INVESTIGADORA-COLABORADOR/A (castelán)	37
14.5.	ANEXO IV: Folla Informativa (Galego)	38
14.6.	ANEXO IV: HOJA INFORMATIVA (Castelán)	41
14.7.	ANEXO V: Consentimento Informado (Galego)	44
14.8.	ANEXO V: Consentimiento Informado (Castelán)	45
14.9.	Anexo VI: Carta de presentación de documentación ó CAEI de Galicia	46
14.10.	Anexo VII: Solicitud a Dirección de Procesos de Soporte da Área Sanitaria de Ferrol	

1. LISTAXE DE ABREVIATURAS E ACRÓNIMOS

- ACV: accidente cerebro vascular
- CAEI: Comité Autonómico De Ética De La Investigación De Galicia
- CUP: Clínica Universitaria Podolóxica.
- EVP: enfermidade vascular periférica.
- DeCS: Descriptores de Ciencias da Saúde
- DM: diabetes Mellitus
- DM 1: diabetes Mellitus tipo 1
- DM 2: diabetes Mellitus tipo 2
- EJPOD: European Journal of Podiatry
- FAI: Foot and Ankle International
- FIP: Federación Internacional de Podología
- HTA: Hipertensión Arterial
- IWGDF: International Working Group of Diabetic Foot
- MeSH: Medical Subject Headings
- OMS: organización mundial da saúde.
- PD: Pé Diabético
- PICO (T): Paciente – Intervención – Comparar – Resultado – Tempo
- UDC: Universidade de la Coruña

2. RESUME E PALABRAS CLAVE

Resume e palabras clave (galego):

Resume:

Obxetivos:

- Obxectivo xeral: explorar as experiencias dos cuidadores informais de doentes dependentes con PD.
- Obxectivos específicos:
 - Indagar sobre os coñecementos dos cuidadores informais sobre o PD, os cuidados do PD e como acceden á información necesaria.
 - Coñecer como perciben a relación cos/coas podólogos/as e o apoio sanitario recibido.

Metodoloxía: proposta de investigación cualitativa, de carácter fenomenolóxico. A poboación para o estudo serán os cuidadores informais de doentes dependentes con PD que acuden á Clínica Universitaria Podolóxica da Área Sanitaria de Ferrol. Os participantes seleccionaranse mediante unha busca intencionada. A recollida de datos levarase a cabo mediante entrevistas semiestructuradas. Se realizará análises de contido.

Palabras clave: pé diabético, paciente dependente, cuidador informal, experiencias, diabetes mellitus.

3. ABSTRACT AND KEYWORDS

Summary:

Objectives:

- **General objective:** to explore the experiences of informal caregivers of dependent patients with diabetic foot.
- **Specific objectives:**
 - o To investigate informal caregivers' knowledge of diabetic foot, diabetic foot care and how they access to information.
 - o To find out how informal caregivers of dependent patients with diabetic foot perceive the relationship with podiatrists and the health support received.

Methodology: a qualitative research project using a phenomenological approach. The population of the study will be the informal caregivers of dependent patients with diabetic foot who go to the Podiatric Clinic of the University of Ferrol Health Care Area. Participants will be selected through intentional sampling. Semi-structured interviews will be conducted for data collection. A content analysis will be carried out.

Keywords: diabetic foot, dependent patient, informal caregiver, experiences, diabetes mellitus.

4. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA

4.1. A diabetes mellitus (DM): un problema de saúde para a sociedade

A DM consiste nun grupo de enfermidades metabólicas que se caracterizan pola presenza de hiperglucemia no sangue a consecuencia dun déficit na secreción de insulina segregada polo páncreas, por unha carencia de eficacia da súa acción nos tecidos ou por combinación de ambas.(1) Existen varios tipos:

- **A DM tipo 1 (DM 1)** caracterízase por un déficit na produción de insulina polo que os doentes precisan de administración esóxena diaria. Soe presentarse na infancia e a súa causa é descoñecida.
- **A DM tipo 2 (DM 2)** prodúcese por unha anormalidade no uso da insulina polos tecidos. A este grupo pertencen a maioría dos casos. Os factores de risco para o desenrolo da enfermidade son o sobre peso, falta de actividade física, mala alimentación e a vida sedentaria. Na maioría dos casos os síntomas poden pasar desapercibidos e, polo tanto, a detección da enfermidade faise de forma casual. Isto pode ter lugar a complicacións.(1)

A DM converteuse na pandemia mundial dos países desenvolvidos do século XXI. Segundo os datos oficiais da Organización Mundial da Saúde (OMS) estimábase a existencia de 108 millóns de persoas afectadas a nivel mundial pola enfermidade en 1980, aumentando ata os 422 millóns de casos en 2014. No 2014 o 8'5% das persoas maiores de 18 anos padecían diabetes e esta foi a causa do falecemento de 1'6 millóns de persoas no 2015. A DM converterase na 7ª causa de mortalidade no 2030 en todo o mundo(1).

En España, segundo o estudo Di@bet.es, observouse que un 13'79% dos españois >18 anos padecen DM, é dicir, 4.626.557 millóns de persoas. O dato máis preocupante reflexado neste estudo foi que destes 4.626.557 millóns de doentes da enfermidade 1.514.916 millóns descoñecían que a padecían.(2)

En Galicia a prevalencia global da DM anda polos 4'7-7% e o grupo de idade ó que máis afecta é aos maiores de 64 anos cun rango de entre un 16 e 20'9%. (3)

4.2. Complicacións da DM

De non detectarse a enfermidade e non facer un bo control da mesma, poden aparecer complicacións(4). Estas complicacións poden clasificarse en dous grandes grupos:

- **Complicacións agudas:**

- **Hipoglucemia:** considérase a complicación máis frecuente asociada ó tratamento debido a fármacos da DM e defínese como unha concentración de glucosa en sangue venosa inferior a 60 mg/gl ou capilar inferior a 50 mg/dl. A causa máis frecuente é o exceso de insulina ou hipoglucemiantes orais, retraso ou diminución do consumo ou absorción de alimentos, exercicio intenso prolongado e consumo de alcohol.
- **Hiper glucemia:** déficit absoluto ou relativo de insulina. Isto provoca que os doentes con DM poidan presentar cetoacidosis diabética e coma hiper glucémico hiperosmolar no cetósico. (4)

- **Complicacións crónicas:** danse a longo prazo e ademais da intensidade e o tempo de duración da hiperglicemia, interveñen para a súa aparición outros factores de risco como son a hipertensión arteria (HTA), dislipemia e o tabaquismo. As complicacións crónicas divídense en:(4)

- **Macrovasculares:** afectan ás arterias en xeral producindo enfermidade cardíaca coronaria, ACV e enfermidade vascular periférica.
- **Microvasculares:** retinopatía, nefropatía e neuropatías
- **Pe diabético (PD):** a consecuencia da neuropatía e/ou da afección vascular de orixe macroanxiopático.(4)

4.3. Definición, complicacións e epidemioloxía do PD.

Defínese PD como a “infección, ulceración e/ou destrución de tecidos profundos asociado a alteracións neurolóxicas e varios graos de enfermidade vascular periférica de membros inferiores de doentes con DM”. Está causado por alteracións nos vasos sanguíneos e nervios que derivan en complicacións como úlceras e finalmente amputacións. Existen factores de risco que favorecen a aparición destas complicacións:(5)

- Diabetes de máis de 10 anos de evolución.
- Sexo masculino.
- Tabaquismo
- Neuropatía diabética.
- Insuficiencia renal.
- Deformidade do pé con evidencias de sitios de presión o calosidade severa.
- Patoloxías nas unllas.

O PD é un problema moi grave de saúde pública. A prevalencia global de úlceras do PD era do 6'3% con maior incidencia en homes ca en mulleres e maior tamén en doentes con DM2 ca con DM1. (6) Resulta de gran importancia destacar que dentro da poboación que padece DM 2, a prevalencia de ulceración aumenta cos anos, alcanzando o 5% cara ós 14 anos do diagnóstico. (7)

En España, entre o 8 e o 13% das persoas que padecen DM sofren unha amputación ó longo da enfermidade. A taxa de amputación menor por PD é de 11 por cada 100.000 habitantes e a de amputación maior é de 7 por cada 100.000. (7)

Sufrir PD supón un incremento do risco de ata 15 veces de sufrir amputacións en membros inferiores.(8) Isto reflexarase nun aumento da morbilidade e mortalidade, incapacidade definitiva cun tratamento prolongado e moi custoso. (9)

4.4. Abordaxe podolóxica do PD

A afectación do PD é unha das complicacións máis custosas, os exames e coidados frecuentes poden axudar a prever as amputacións. Os programas de coidado integral dos pés pode supoñer a unha redución nas amputacións dun 45 a un 85 % segundo datos da OMS. O 40% das lesións no PD pódense evitar si se diagnostican e tratan en fases iniciais, de maneira ambulatoria (10).

Segundo a guía de protocolos do pé diabético elaborada polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Podólogos podemos clasificar o PD en tres grandes grupos dependendo do grado de risco e o plan preventivo apropiado.

- **Pe de risco alto:** persoas que sofren DM e presenta un ou varios dos seguintes factores de risco:
 - Úlcera ou amputación previa.
 - Vasculopatía periférica.
 - Neuropatía.
- **Pe de risco moderado:** persoa con DM que presenta polo menos un dos seguintes factores:
 - Complicacións propias da DM como nefropatía e retinopatía.
 - Alteracións do pe como as deformidades ou existencia de onicopatías, hiperqueratosis ou helomas.

- Alteracións biomecánicas e estruturais.
- Costumes e prácticas inadecuadas.
- Mala agudeza visual ou imposibilidade de realizarse autocoidados.
- **Pe de risco baixo:** doentes que padecen DM pero sen ningunha condición das citadas anteriormente.

Unha vez enmarcados os doentes segundo o risco, debemos adecuar un plan preventivo para cada un conforme ó seu estado e pautas de revisións:

- **Pe de risco alto:** 1 vez cada 2/3 meses.
- **Pe de risco moderado:** 2 veces ó ano.
- **Pe de risco baixo:** 1 vez ó ano.

O Consenso Internacional do Pe Diabético elaborou a seguinte unha táboa I seguindo as pautas de esta clasificación para categorizar os doentes segundo o risco(11):

Táboa I: CLASIFICACIÓN DO RISCO

Categoría	Perfil do Risco
0	Sen neuropatía sensorial.
1	Neuropatía sensorial.
2	Neuropatía sensorial e signos de enfermidade vascular periférica (EVP)
3	Úlcera previa

Ademais, existen diferentes sistemas de clasificación para las lesións do PD. Un exemplo é a Clasificación de Texas (táboa II) a cal valora a presenza de infección, isquemia ou ambas. (5)

Táboa II: CLASIFICACIÓN TEXAS

Clasificación de Texas (12)				
	Grao 0	Grao 1	Grao 2	Grao 3
Estadio A	Lesión pre ó post - ulcerativa completamente epitelizada	Ferida superficial que non afecta a tendón, cápsula ou oso	Ferida penetra a tendón ou cápsula	Ferida penetra a oso ou articulación
Estadio B	Infección	Infección	Infección	Infección
Estadio C	Isquemia	Isquemia	Isquemia	Isquemia
Estadio D	Infección e isquemia	Infección e isquemia	Infección e isquemia	Infección e isquemia

A prevención das complicación do PD resulta esencial e isto tratarase mediante o coidado integrado (a actuación dun equipo multidisciplinar con endocrinos, podólogos, enfermeiras, etc.) e o autocoidado do doente dos seus pés. Este traballo recaerá nos propios doentes e/ou as persoas do seu entorno e compre de gran importancia pois a identificación de factores de risco é a base fundamental da prevención do PD. Para que un doente (ou o coidador informal do doente) poda responsabilizarse da saúde dos pés e imprescindible que reciba educación sanitaria sobre a enfermidade, as complicacións, a valoración do PD e os seus coidados. (5)

4.5. Papel dos coidadores informais na prevención das complicacións do pe diabético

Referímonos como coidadores informais ás persoas que teñen unha relación social (cónxuxe, pais, fillos, etc.) cunha persoa á cal teñen que atender de forma sanitaria na casa (persoas maiores, dependentes ou ambas) e non reciben un soldo por tal traballo.(13). En España estímase que o 87'8% dos coidadores informais son mulleres dunha idade media de 48'8 anos. Na maioría dos casos son persoas casadas e en desemprego.(14)

Existen 3 factores dos cales depende a saúde do doente e do seu entorno que son:(15)

- Implicación dos familiares nos cuidados do doente que sofre DM.
- Recursos económicos e condicións laborais do cuidador e do entorno.
- Outorgamento de información sanitaria por man de profesionais.

O traballo que desemprega o cuidador/a informal é imprescindible para a mellora do estado do doente. Os cuidados diarios relativos á alimentación, hixiene ou cumprimento do tratamento dependen case exclusivamente destes cuidadores. Por isto compre que estes, teñan a información necesaria para realizar esta actividade. Doutro xeito, co empeoramento do doente, vese deteriorada toda a situación familiar e económica. Os cuidadores informais ben teñan ou no traballo fora do fogar, verán empeorada a súa calidade de vida en conxunto ca do doente diabético aumentando a dependencia, maior custo económico, etc. (13–17)

Nun estudo relativo ós coñecementos e formación que tiñan os cuidadores respecto á DM e PD demostrou que un 41,5% dos cuidadores recibira algún tipo de información; o 92,7% relataban a necesidade de formación en relación cos problemas de saúde dos enfermos e o 58,5% non recibiran ningunha información.(14)

Compre a divulgación de distintos programas de formación, información e educación para os cuidadores informais de persoas con PD para fomentar os cuidados, previr as complicacións e reducir o número de complicacións, o cal melloraría a calidade de vida dos/as doentes e en xeral do entorno familiar.(18)

4.6. Problema de investigación

Tras facer a revisión da bibliografía se detecta que a literatura científica sobre as experiencias dos cuidadores informais de doentes dependentes con pé diabético é escasa. A maior parte dos estudos publicados céntranse nas experiencias dos cuidadores de doentes con DM, pero non abordan de forma específica o PD. Os poucos datos publicados mostran o baixo coñecemento dos cuidadores informais sobre a DM e os cuidados específicos do PD.

Isto provoca que non se leve a cabo de forma adecuada a prevención das complicacións do PD, o que provoca un incremento na mortalidade e morbilidade dos doentes, empeoramento da súa calidade de vida e dos que o rodean e un incremento no gasto sanitario. Ademais, a falta de apoio e formación dos cuidadores informais implica un impacto negativo na vida persoal e social destes.

4.7. Pregunta de investigación

A pregunta de investigación estruturouse segundo o acrónimo PICO(19):

- Doente (P) características: doentes dependentes de cuidadores informais.
- Intervención (I) a considerar: intervención exploratoria.
- Comparar (C) con outra intervención: non procede polo tipo de estudo.
- Resultado (O de outcome) de interese a valorar: descrición das experiencias relativas ó coidado do pé diabético en doentes dependentes.

¿Cales son as experiencias dos cuidadores informais de doentes dependentes con PD?

4.8. Posición da investigadora

Como alumna de 4º Grado de Podoloxía da Facultade de Enfermería e Podoloxía da Universidade da Coruña (UDC) e realizando as prácticas na Clínica Universitaria de Podoloxía (CUP) sorprendeume a cantidade de doentes e cuidadores informais de doentes que, tras convivir coa DM durante anos, descoñecían aspectos básicos e necesarios para o coidados do PD. Un sinxelo e eficaz corte de unllas, poñer atención a unha serie de anomalías fisiolóxicas ou a falta de percepción do risco, pode marcar unha gran diferenza na progresión do PD. En moitos casos declaran non haber recibido nunca información ou instrucións que seguir nin da man do podólogo nin de outro sanitario.

Como estudante, observei a influencia negativa que supón para a saúde dos doentes e para a seguridade dos seus cuidadores o descoñecemento da enfermidade, das complicacións e dos coidados específicos de hixiene e atención. A falta de información provoca un grande descontrol da situación clínica. Destacar que a abordaxe polo podólogo/a das inquiredanzas dos cuidadores, non só provoca un beneficio para os doentes, tamén para nós como profesionais, pois os tratamentos que apliquemos terán maior efectividade e gañaremos a súa confianza, o que repercutirá positivamente en múltiples aspectos.

O meu papel como investigadora será guiar a entrevista cara ó obxectivo de estudo axudando a que os cuidadores expoñan as súas experiencias relativas tanto ó coidado do paciente diabético como o trato recibido polos sanitarios e a información outorgada por estes.

4.9. Estratexia de busca

Para facer a procura bibliográfica eliximos as palabras clave na Enciclopedia médica de MedlinePlus termos MESH (Medical Subject Headings) y DeCS (Descriptor en Ciencias de la Salud).

Fíxose unha intensa investigación da bibliografía referente ó tema en varias bases de datos como son: CINAHL, Dialnet, PsycINFO, PubMed, Scopus e Web Of Science. Realizamos un cribado aplicando diferentes limitadores en función da base de datos. Limitamos a busca a artigos dos últimos 10 anos a ademais publicados en inglés, español e portugués. No caso de PsycINFO aplicouse tamén un filtro para a selección de artigos referentes só a humanos. Por contra, en PubMed tivemos que facer unha busca menos específica e aplicando só a limitación dos 10 anos e en Dialnet non aplicamos ningún límite.

Nas seguintes táboas (táboa III – VIII) móstranse as estratexias de busca realizadas:

Táboa III: ESTRATEXIA DE BUSCA EMPREGADA EN CINAHL

		
Estratexia de busca	Límites activados	Resultados obtidos
TX ((MM "diabetic foot") OR (MM "Diabetic ulcer")) AND ((MM "Informal caregiver+") OR (MM "Informal care+"))	2010 – 2020 Inglés, Castelán e Portugués	423


Táboa IV:ESTRATEGIA DE BUSCA EMPREGADA EN DIALNET

		
Estratexia de busca	Límites activados	Resultados obtidos
("pie diabético") AND ("cuidador informal" OR "cuidados informales" OR "familiar")	SEN LÍMITES	24


Táboa V: ESTRATEGIA DE BUSCA EMPREGADA EN PSYINFO

		
Estratexia de busca	Límites activados	Resultados obtidos
("diabetic foot") OR ("diabetic ulcer") AND ("informal care") OR ("informal caregiver") OR ("family care")	2010 – 2020 Inglés, Castelán e Portugués Humanos	992


Táboa VI: ESTRATEXIA DE BUSCA EMPREGADA EN PUBMED

		
Estratexia de busca	Límites activados	Resultados obtidos
("diabetic foot"[tiab]) AND ("informal care*"[tiab])	2010-2020 Inglés, español e portugués.	15

Táboa VII: ESTRATEXIA DE BUSCA EMPREGADA EN SCOPUS

		
Estratexia de busca	Límites activados	Resultados obtidos
((TITLE-ABS-KEY ("diabetic foot")) OR (TITLE-ABS-KEY ("diabetic ulcer"))) AND ((TITLE-ABS-KEY ("informal care")) OR (TITLE-ABS-KEY ("informal caregiver")) OR (TITLE-ABS-KEY ("family care")))	SIN LÍMITES	2

Táboa VIII: ESTRATEXIA DE BUSCA EMPREGADA EN WEB OF SCIENCE

		
Estratexia de busca	Límites activados	Resultados obtidos
("diabetic foot" OR "diabetic ulcer") AND ("informal caregiver" OR "informal care" OR "family care")	SEN LÍMITES	2

Ademais disto, realizáronse procuras secundarias nas bases de datos, manuais e protocolos. Durante todo o traballo empregouse un software online de xestión bibliográfica nomeado Zotero.

4.10. Bibliografía máis relevante

Na táboa IX, amósase a bibliografía relevante empregada nesta proposta de investigación cualitativa.

Táboa IX: BIBLIOGRAFÍA RELEVANTE

REFERENCIA BIBLIOGRÁFICA	MOTIVO DE ELECCIÓN
Messenger G, Taha N, Sabau S, AlHubail A, Aldibbiat AM. Is There a Role for Informal Caregivers in the Management of Diabetic Foot Ulcers? A Narrative Review. <i>Diabetes Ther.</i> diciembre de 2019;10(6):2025-33.	Revisión narrativa sobre o rol dos cuidadores informais no manexo das úlceras do PD.
Rocha MLP, Garzón LHA, Páez RFH. Experiencia de los cuidadores informales en el manejo de la diabetes mellitus tipo II. <i>Orinoquía.</i> 2013;17(2):241-51.	Experiencia dos cuidadores informais no manexo da DM tipo II.
The effect of a foot care camp on diabetic foot care knowledge and the behaviours of individuals with diabetes mellitus - Angger Anugerah Hadi Sulisty, Wipa Sae Sia, Khomapak Maneewat, 2018 [Internet]. [citado 2 de abril de 2020].	Efecto dun campamento de coidado dos pes no coñecemento do coidado dos pes dos diabéticos e o

<p>Disponible en: https://journals.sagepub.com/doi/abs/10.1177/1744987118765903</p>	<p>comportamento dos individuos con DM.</p>
<p>Martín MDG, Domínguez EMZ. Relación entre los problemas de salud de los mayores dependientes y la formación de los cuidadores informales. <i>Enferm Glob.</i> 5 de octubre de 2013;12(4):211-21.</p>	<p>Relación entre os problemas de saúde dos maiores dependentes e a formación dos cuidadores informais.</p>
<p>Rodríguez GJ, Córdoba-Doña JA, Escolar-Pujolar A, Aguilar-Diosdado M, Goicolea I. Familia, economía y servicios sanitarios: claves de los cuidados en pacientes con diabetes y amputación de miembros inferiores. Estudio cualitativo en Andalucía. <i>Aten Primaria.</i> 1 de diciembre de 2018;50(10):611-20.</p>	<p>Estudio cualitativo que aborda as claves dos cuidados en doentes con BM e amputación de membros inferiores.</p>
<p>Liliane SP, Rezende MP, Ferreira LA, Dias FAD, Helmo FR, Silveira FCO. Cuidados de los pies: el conocimiento de las personas con diabetes mellitus inscritos en el programa de salud familiar. <i>Enfermería global: Revista electrónica trimestral de enfermería.</i> 2015;14(1):38-51.</p>	<p>Coñecemento sobre os cuidados dos pes das persoas con DM inscritos en el programa de saúde familiar.</p>

5. XUSTIFICACIÓN E APLICABILIDADE

O obxectivo de este estudo é explorar as percepcións dos cuidadores informais de doentes dependentes sobre os cuidados do PD. Se pretende abordar os coñecementos sobre o PD e as súas posibles complicacións, e acerca dos cuidados necesarios e a valoración do PD.

Deste xeito poderemos abordar o tema dende a perspectiva do cuidado no fogar e así coñecer os problemas aos que se enfrontan diariamente os cuidadores informais.

Os resultados do estudio permitirán deseñar una intervención adecuada axustada ás necesidades reais dos cuidadores informais. Como podólogos/as, poderemos formar aos cuidadores informais de doentes dependentes con PD tendo en conta as súas necesidades de información específicas, facilitándolles os recursos necesarios.

6. HIPÓTESE

Os estudos cualitativos consisten en atopar experiencias, coñecementos e hábitos das persoas dende a súa propiocepción (20, 21). Por este motivo, non se parte dunha hipóteses pre-establecida., pártese dunha idea xeral para realizar o estudo: as persoas que desenrolan o papel de cuidadores informais de doentes dependentes con PD, comparten experiencias e percepcións similares e teñen que enfrontarse ós inconvenientes da vida diaria relativas ó cuidado do PD e á prevención das complicacións, sen dispor de coñecemento, recursos ni apoio sanitario suficiente.

7. OBXECTIVOS

- Obxectivo xeral: explorar as experiencias dos cuidadores informais de doentes dependentes con PD.
- Obxectivos específicos:
 - Indagar sobre os coñecementos dos cuidadores informais sobre o PD, os cuidados do PD e como acceden á información necesaria.
 - Coñecer como perciben a relación cos/coas podólogos/as e o apoio sanitario recibido.

8. METODOLOXÍA

8.1. Deseño

Para a realización de este estudo usarase como metodoloxía a investigación cualitativa. Este tipo de investigación basease na recollida e análise das experiencias e comportamentos das persoas co fin de atopar patróns entre os mesmos, interpretalos e crear teorías a partir deles. (20,21)

Para lograr alcanzar o obxectivo do noso estudo, o enfoque metodolóxico que utilizaremos será de tipo fenomenolóxico. Este enfoque busca coñecer os significados que os individuos dan á súa experiencia e ademais, aprender o proceso de interpretación polo cal a xente define o seu mundo e actúa en consecuencia.(20)

Polo tanto, este enfoque permitirá explorar as experiencias dos cuidadores informais de doentes dependentes con PD.

8.2. Ámbito de estudo

O ámbito de estudo será a Área Sanitaria de Ferrol a cal, segundo os datos da memoria de 2016, presta asistencia sanitaria a unha poboación de 181.243 persoas (86.6777 homes e 94.566 mulleres).(22)

Para prestar atención específica do PD, este área sanitaria dispón de varias unidades especializadas como son a unidade de Cura en Ambiente Húmido, a Unidade de Cámara Hiperbárica e un servizo de Ciruxía Vascular. Ademais isto complementábase coa atención en centros de Atención Primaria, onde se realizan tratamentos iniciais e curas diarias.

Na CUP recíbense diariamente doentes derivados de estes servizos da Área Sanitaria de Ferrol e do servizo de Endocrinoloxía, ós que se lle realizan diversos estudos e aplican técnicas de coidado e tratamento:

- Exploracións específicas do estado neurolóxico.
- Exploracións específicas do estado vascular.
- Exploracións de alteracións morfo-estruturais e biomecánicas que xeren puntos de hipertensión.
- Tratamentos de descargas a medida (orteses plantares e/ou dixitais e descargas de feltro) tanto como tratamento como con efecto preventivo de cara ás úlceras.
- Próteses para amputacións.
- Coidado dos pés (servizo de quiropodoloxía).

Os doentes tamén teñen acceso ós servizos da CUP mediante interconsulta dos servizos de Traumatoloxía (pertencente ó Hospital Arquitecto Marcide e centro de especialidades), Dermatoloxía e Reumatoloxía (pertencente ó Hospital Naval). Por último, tamén reciben este servizo os membros da Asociación de Diabéticos de Ferrolterra.

8.3. Poboación de estudo

Coidadores informais de doentes dependentes con PD que pertencen a Área Sanitaria de Ferrol.

8.4. Selección de participantes

Neste estudo, ó ser de carácter cualitativo, non podemos indicar cal será o tamaño final da mostra, xa que será o criterio de saturación de datos o que nos indicará cando rematar a selección de participantes. Iranse seleccionando informantes ata acadar a saturación de

datos, é dicir, cando a información nova proporcionada por estes se repita(23). A previsión inicial da mostra será de 20 participantes.

Os participantes seleccionaranse mediante mostreo intencional polo que se fará de xeito intencionado establecendo previamente criterios de inclusión e exclusión (Táboa IX) para obter o perfil que máis se adapte ó carácter do estudo. (24)

Táboa X: CRITERIOS DE INCLUSIÓN E EXCLUSIÓN DOS PARTICIPANTES

<u>Criterios de inclusión</u>	<u>Criterios de exclusión</u>
<ul style="list-style-type: none"> - Persoas que teñan ó seu cargo doentes dependentes con PD. - Pertencer á área sanitaria de Ferrol. - Estar en seguimento na CUP 	<ul style="list-style-type: none"> - Persoas con estudos de carácter sanitario. - Non firmar o consentimento informado para participar no estudo. - Non entender e/ou comunicarse en castelán ou galego.

Terase acceso á mostra coa axuda dos/as podólogos/as da CUP dando a coñecer o estudo ós cuidadores informais de doentes dependentes con PD durante as consultas (anexo II). Entregaráselle unha folla informativa sobre aspectos do estudo (anexo III), o consentimento informado (anexo IV) e tanto o número de teléfono coma o correo persoal da investigadora principal para poder responder ás dúbidas e outros aspectos que poidan xurdir.

8.5. Variables sociodemográficas

Durante a realización do estudo teremos en conta como posibles variables:

- Idade.
- Sexo.
- Lugar de residencia habitual.
- Nivel académico.
- Profesión e ocupación habitual.
- Estado civil.
- Tempo que leva exercendo como/a cuidador/a informal.
- Relación que garda co doente dependente.

8.6. Técnica de escollida de datos

Para a recollida de datos empregaranse entrevistas individuais semi-estruturadas que constarán dunha serie de preguntas de resposta aberta e de sub-preguntas as cales nos axudarán a guiar a entrevista e afondar en temas específicos. Realizaranse de forma presencial pois neste tipo de estudos compre recoller información sobre a comunicación non verbal do individuo. (23)

As entrevistas realizaranse nunha sala da Clínica Universitaria Podolóxica (CUP) de Ferrol entre os meses de febreiro e maio de 2021 e terán una duración duns 50 minutos. As entrevistas faranse de forma oral e individualmente e a información será gardada en formato de voz mediante unha gravadora para o posterior análise e transcripción de datos. A cada participante asignaráselle un código para logo nomear así cadansúa transcripción das respectivas entrevistas e deste xeito, conservar o anonimato.

8.7. Análise de datos

Existen diferentes vertentes para a análise de datos e neste caso utilizaremos a análise de contidos. Consiste nun proceso de identificación, codificación e categorización dos principais eixes subxacentes nos datos. Vai máis alá da descrición dos compoñentes obvios e visibles dos datos (contido manifesto) para comprender, realizar unha abstracción dos datos chegando así ó significado real dos mesmos (contido latente). (24)

Os datos analizaranse mediante a teoría fenomenolóxica de Colaizzi; levaranse a cabo as seguintes fases: transcripción, redución, codificación, categorización da información e representación gráfica: (25)

1. escoita das gravacións das entrevistas por primeira vez.
2. Segunda escoita e reprodución escrita (transcripción) das respostas. Débense engadir datos subxectivos recollidos nas entrevistas.
3. Compresión das transcripcións para que as testemuñas dos participantes teñan sentido.
4. Redución de información que non se axusten ós obxectivos do estudo.
5. Codificación de conceptos: numéranse ideas con códigos os cales estarán definidos anteriormente.
6. Categorización da información diferenciada por temáticas.
7. Representación gráfica das relacións entre as temáticas (diagramas de fluxo).

Para facilitar el manejo de datos durante el análisis se empregará el programa informático Atlas.ti.

8.8. Rigor metodolóxico

Toda investigación debe realizarse garantindo uns criterios de rigor e calidade. Os criterios nos que nos basearemos serán os seis descritos por Noreña et al.(26): credibilidade, transferibilidade., consistencia, neutralidade, relevancia e adecuación teórico-epistemolóxica. No táboa XI, se describen os procedementos que se realizarán para acadar cada un destes criterios:

Táboa XI: CRITERIOS DE RIGOR

CRITERIOS DE RIGOR DA INVESTIGACIÓN CUALITATIVA		
Criterio	Descrición	Procedementos
Credibilidade	Aproximación dos resultados dunha investigación contra o fenómeno observado	<ul style="list-style-type: none"> - Verificación dos resultados do estudo por parte dos participantes - Observación continua e prolongada do fenómeno
Transferibilidade	Os resultados derivados da investigación cualitativa non son xeneralizables, pero transferibles	<ul style="list-style-type: none"> - Descrición detallada do contexto e dos participantes - Recollida exhaustiva de datos
Consistencia	A complexidade da investigación cualitativa dificulta a estabilidade dos datos. A reprodución exacta do estudo tampouco é posible.	<ul style="list-style-type: none"> - Descrición detallada do proceso de recollida, análise e interpretación de datos. - Reflexibilidade do investigador
Neutralidade	Os resultados da investigación deben garantir a veracidade das descricións feitas polos participantes.	<ul style="list-style-type: none"> - Transcricións textuais das entrevistas - Contrastar os resultados coa literatura existente - Revisión de resultados doutros investigadores - Identificación e descrición de limitacións e alcance do investigador

Relevancia	Permite avaliar o logro dos obxectivos indicados e saber se se obtivo un mellor coñecemento do fenómeno de estudo	<ul style="list-style-type: none"> - Configuración de novos enfoques teóricos ou conceptuais. - Comprensión comprensiva do fenómeno. - Correspondencia entre a xustificación e os resultados obtidos.
Adecuación teórico-epistemolóxica	Correspondencia adecuada do problema que se vai investigar e da teoría existente	<ul style="list-style-type: none"> - Contrastar a cuestión cos métodos - Axustes de deseño

8.9. Limitacións do estudo

Os resultados do estudo cualitativo poderán ser transferidos a cuidadores informais con contextos semellantes ó noso. Poderase reproducir esta mesma metodoloxía en áreas sanitarias similares pero os resultados poden non ser os mesmos.

Os participantes poderíanse negar a participar no estudo pois abordaranse temas persoais, íntimos e familiares.

9. PLAN DE TRABAJO

Na táboa XI plantéxase o plan de traballo deseñado para o estudo:

Táboa XII: CRONOLOXÍA DO TRABALLO

PERÍODO DE TEMPO EN REALIZAR O TRABALLO			ANO 2020		ANO 2021															
			S E T	O U T	N O V	D I C	X A N	F E B	M A R	A B R	M A I	X U Ñ	X U L	A G O	S E P	O C T	N O V	D I C		
Procura da bibliografía																				
Preparación do proxecto																				
FASE CONCEPTUAL	PERÍODO 1: - Plantexamento problema - Formulación da pregunta de investigación																			
	PERÍODO 2: - Procura bibliográfica - Descrición marco de defensa																			
	PERÍODO 3. Plantexamento de hipóteses e obxectivos																			
FASE METODO LÓXICA	PERÍODO 1. Elaboración do deseño do proxecto de investigación																			
	PERÍODO 2. Elaboración de ferramentas de recollida e análise de datos.																			
	PERÍODO 3. Envío de documentación																			
- INICIO DO ESTUDO -																				
FASE EMPÍRICA	FASE DE PREPARACIÓN	PERÍODO 1: Entrada ó campo	Procura dos doentes na CUP																	
			Contacto cos participantes e explicación do estudo																	
			Concretar participantes do estudo																	
